

**Acordo do 17 de xuño do 2026 dos tribunais encargados de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 2 de febreiro do 2026, da Dirección Xeral (DOG núm. 28, do 11 de febreiro de 2026), para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación nas categorías de produtor/a, reporteiro/a gráfico/a, técnico/a de iluminación, iluminador/a, axudante/a de produción, técnico/a de control, técnico/a de son, axudante/a de realización e operador/a montador/a de vídeo, polo que se establecen o lugar, a data, a hora de realización da primeira proba tipo test e os criterios de corrección e superación da proba tipo test correspondente ao proceso que se cita.**

En sesión conxunta que tivo lugar o día 17 de xuño de 2026, os tribunais nomeados pola Resolución do 12 de maio do 2026, da Dirección Xeral da CSAG para cualificar o proceso que se cita na cabeceira

## **ACORDARON**

### **Primeiro.- Lugar, data e hora para a realización da primeira proba tipo test**

Que a proba tipo test terá lugar o día **11 de xullo do 2026**, en chamamento único que se iniciará ás **9:30 horas**, na **Facultade de Ciencias da Comunicación da USC** (Campus Norte, Avda. de Castelao s/n, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do seu NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou calquera outro medio que, a criterio dos tribunais, acredite a súa identidade, e bolígrafo negro ou azul.

As persoas aspirantes que precisen a utilización de audiófonos ou outras próteses auditivas deberán acudir provistos dun informe médico que acredite a necesidade do seu uso.

Non se permitirá a entrada ás aulas con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos e gafas intelixentes, ou outros instrumentos destas características, que se poidan utilizar para axudarse na realización da proba. Non se habilitará ningún servizo de recollida deste material, polo que será de conta da persoa aspirante a súa custodia fóra das aulas.

## **Segundo.- Criterios de corrección e valoración da proba tipo test**

### **I. Criterios para a categoría de nivel salarial 1 (produtor/a)**

Consonte ao establecido na Base III.1.1 o exercicio é eliminatorio e obrigatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test. O cuestionario conterá cinco (5) preguntas de reserva, que substituirán ás anuladas pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas, das que só unha (1) será correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio terá unha duración máxima de cento oitenta (180) minutos.

En aplicación do establecido na dita base correspóndelle aos tribunais determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

De conformidade co anterior, os tribunais acordaron que superarán a proba tipo test o corenta por cento (40%) das persoas presentadas, sempre e cando teñan respondido correctamente ao corenta por cento (40%) das preguntas consideradas válidas unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo e trinta (30) puntos. Asignarase unha puntuación de trinta (30) puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas aptas terán unha cualificación distribuída entre os trinta (30) e sesenta (60) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

### **II. Criterios para as categorías de nivel salarial 4 e 5 (reporteiro/a gráfico/a, técnico/a de control, axudante/a de realización, técnico/a de son e técnico/a de iluminación)**

Consonte ao establecido na Base III.1.1 o exercicio é eliminatorio e obrigatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test. O cuestionario conterá catro (4) preguntas de reserva, que substituirán ás anuladas pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas, das que só unha (1) será correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio terá unha duración máxima de cento corenta (140) minutos.

En aplicación do establecido na dita base correspóndelle aos tribunais determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

De conformidade co anterior, os tribunais acordaron que superarán a proba tipo test o corenta por cento (40%) das persoas presentadas, sempre e cando teñan respondido correctamente ao corenta por cento (40%) das preguntas consideradas válidas unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de trinta (30) puntos. Asignarase unha puntuación de trinta (30) puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas aptas terán unha cualificación distribuída entre os trinta (30) e sesenta (60) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

### III. Criterios para as categorías de nivel salarial 7 (operador/a montador/a de vídeo, iluminador/a e axudante/a de produción)

Consonte ao establecido na Base III.1.1 o exercicio é eliminatorio e obrigatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test. O cuestionario conterá catro (4) preguntas de reserva, que substituirán ás anuladas pola súa orde.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas, das que só unha (1) será correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non puntúan nin reciben penalización.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

En aplicación do establecido na dita base correspóndelle aos tribunais determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación mínima.

De conformidade co anterior, os tribunais acordaron que superarán a proba tipo test o corenta por cento (40%) das persoas presentadas, sempre e cando teñan respondido correctamente ao corenta por cento (40%) das preguntas consideradas válidas unha vez feitas as deducións por respostas incorrectas.

O exercicio cualificarase de 0 a 60 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo e trinta (30) puntos. Asignarase unha puntuación de trinta (30) puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas aptas terán unha cualificación distribuída entre os trinta (30) e sesenta (60) puntos, proporcional ao número de respostas correctas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes declaradas non aptas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O presidente do tribunal para as categorías de produtor/a, reporteiro/a gráfico/a, técnico/a de iluminación, iluminador/a e axudante/a de produción

SOENGAS  
PEREZ JOSE -

Firmado digitalmente por SOENGAS  
PEREZ JOSE - [REDACTED]  
Nombre de reconocimiento (DN): c=ES,  
serialNumber=IDCES-[REDACTED],  
givenName=JOSE, sn=SOENGAS PEREZ,  
cn=SOENGAS PEREZ JOSE - [REDACTED]  
Fecha: 2026.06.18 09:14:29 +02'00'

José Soengas Pérez

O presidente do tribunal para as categorías de técnico/a de control, técnico/a de son, axudante/a de realización e operador/a montador/a de vídeo

Firmado por PEREIRA FARIÑA  
JOSE - \*\*\*1035\*\* el día  
18/06/2026 con un certificado  
emitido por AC FNMT Usuarios

José Pereira Fariña